

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 4/2026 PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONOMICO DERIVADAS DA COBERTURA DO POSTO DE CELADOR CEIP, DURANTE A BAIXA DE MIGUEL DE FRUTOS DEL RIO.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 4/2026, por un importe total de **9.880,72 €** dentro do vixente orzamento do exercicio 2026, prorrogado do exercicio 2025, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da cobertura do posto de celador CEIP, durante a baixa de Miguel de Frutos del Río.

Visto o informe do Servizo de Persoal do 11 de febreiro de 2026 no que se comunica a insuficiencia de crédito orzamentario para a cobertura de nomeamento de interino/a dun/dunha celador/a pola incapacidade laboral temporal de don Miguel de Frutos del Río, celador do CEIP e habendo crédito suficiente correspondente aos custos salariais das prazas vacantes do Parque Infantil de Tráfico

Visto informe da xefa de servizo de Educación, Beatriz Pérez Traseira, coa conformidade da responsable da área xestora, a concelleira de Educación e Difusión do Coñecemento, Iria Buide Pena, do 12.02.2026, de solicitude da tramitación dun expediente de modificación orzamentaria na modalidade de transferencia de crédito, polo importe de 9.880,72 €, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da cobertura do posto de celador CEIP, durante a baixa de Miguel de Frutos del Río.

Visto igualmente o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 192/2026, do 18.02.2026 así como os RCMOD Ref.: 7415/2026 Ref.: 7416/2026 Ref.: 7417/2026 Ref.: 7418/2026 por importe total de 9.880,72 €

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 9.880,72 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
32605.12003	1.633,36 €	<u>32000.12005</u>	1.633,36 €
32605.12100	646,28 €	<u>32000.12100</u>	646,28 €
32605.12101	1.019,70 €	<u>32000.12101</u>	1.019,70 €
32605.16000	6.581,38 €	<u>32000.16000</u>	6.581,38 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	9.880,72 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	9.880,72 €

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac3679885238998319088.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 4/2026 CELADOR CEIP

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.